



Ciudades
Patrimonio
de la Humanidad

ESPAÑA | UNESCO

VIAJES *El Corte Inglés*



PARADORES

Hoteles & Restaurantes 1928



CIRCUÍTO DE CARREIRAS CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE 2022



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Patrimonio Mundial
en España

Alcalá de Henares · Ávila · Baeza · Cáceres · Córdoba · Cuenca
Ibiza/Eivissa · Mérida · Salamanca · San Cristóbal de La Laguna
Santiago de Compostela · Segovia · Tarragona · Toledo · Úbeda



REGLAMENTO

O **Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España** organiza por terceira ocasión unha nova edición do seu **Circuíto de Carreiras**, na que conta coa inestimable colaboración de **Viajes El Corte Inglés** e **Paradores**.

O obxectivo principal do circuíto é dar a coñecer as **quince cidades españolas patrimonio da humanidade** (**Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Ibiza/Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristobal de la Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda**) a través das carreiras populares e, pola súa vez, fomentar a actividade física e deportiva, propiciando a ocupación do tempo de ocio nunha das prácticas deportivas máis comúns e fáciles de levar a cabo, como é a carreira a pé.

As distancias das probas que forman o **Circuíto de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade 2022** oscilarán entre os 10 km e a media maratón e discorrerán total ou parcialmente pola zona patrimonial de cada cidade. Cada unha das quince carreiras realizarase por conta de empresas, clubs ou concellos e serán estas entidades as responsables da súa organización e de levar a cabo todas as actuacións para o seu normal desenvolvemento. As persoas participantes nas probas que integran este circuíto, polo mero feito de se inscribiren, aceptan este regulamento.

A denominación deste circuíto de carreiras populares será **Circuíto de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade** por ser o seu coordinador e principal patrocinador o **Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España**.

O **Circuíto de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade** desenvolveuse de abril a decembro de 2022 e constará de quince probas, das cales será necesario finalizar catro para optar á clasificación final do circuíto.

PROBA	DATA	DISTANCIA	WEB
Carrera Nocturna SantYago 10K	30 de abril	10 km	santYago10k.es
Media Maratón Ávila Monumental	15 de maio	21,095 km	mmavilamonumental.com
X Carreira Cívico Militar San Fernando. Salamanca	15 de maio	10 km	carrerasanfernando.es
XI Carreira de Fondo Cidade de Baeza	21 de maio	13 km	baeza.es
Carreira Entre Culturas. Úbeda	22 de maio	14,7 km	clubatletismocuenca.com
XXXIII Carreira Popular Hoz del Huécar. Cuenca	22 de maio	10 km	correporunacausa.org
Campionato de Extremadura de Tríatlon "Mérida Patrimonio da Humanidade"	12 de xuño	750 m / 20 km / 5 km	triatlonextremadura.com
Carreira Popular do Cristo San Cristóbal de la Laguna	10 de setembro	10 km	deportelagunero.com
Media Maratón Cáceres Patrimonio da Humanidade	18 de setembro	21,095 km	mediamaratoncaceres.com
Carreira Popular Caja Rural. Segovia	16 de outubro	16 km	fundacioncajaruraldesegovia.es
10 km Cidade Alcalá de Henares	23 de outubro	10 km	ajalkala.es
Media Maratón Cigarra Toledana	6 de novembro	21,095 km	cigarratoledana.blogspot.com
Media Maratón 10 km Cidade de Tarragona	6 de novembro	21,095 km	mitjatarragona.cat
Media Maratón de Córdoba	27 de novembro	21,095 km	mediamaratoncordoba.com
Carreira Popular Eivissa Patrimonio da Humanidade	Entre o 4 e o 8 de decembro	10 km	eivissa.es

INSCRIPCIÓNS

Poderán tomar parte no Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade 2022 todas as persoas que teñan cumpridos 18 anos o mesmo día de comezo da primeira das probas que compoñen o circuito.

Para participar no Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade 2022 será obrigatoria a inscrición a través do formulario en liña aloxado na páxina web do Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España:

ciudadespatrimonio.org , indicando as probas en que se participe. Só se terán en conta as inscricións co mesmo DNI (oito números e unha letra, sen a incorporación de puntos nin guións) e non as que non conteñan o DNI ou este sexa erróneo ou incompleto.

A inscrición no Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade:

- Será gratuíta.
- Dá dereito a obter os premios establecidos nestas bases.

A inscrición a este circuito no supón a inscrición automática nas diferentes carreiras que o compoñen, senón que cada persoa participante deberá anotarse directamente en cada unha delas.

Para participar nas distintas probas que compoñen o Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade 2022, cada persoa deberá inscribirse de forma individual naquelas que desexe, de acordo coas condicións e cos prazos establecidos para para facelo por cadansúa entidade organizadora.

A inscrición no Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade non supón redución nin desconto na cota de inscrición que as entidades organizadoras establezan para cada proba.

CATEGORÍAS

Estableceranse dúas categorías:

- Categoría absoluta masculina
- Categoría absoluta feminina

SISTEMA DE PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

A puntuación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas nas probas en que participara, sempre e cando se acredite que finalizou un mínimo de catro carreiras.

Nas probas que contén con dúas distancias, a menor contará a metade que a maior.

En caso de empate final, terase en conta:

- O número de probas finalizadas.
- O maior número de mellores postos.

BAREMACIÓN	PUNTUACIÓN
Por clasificar entre os 5 primeiros	10 puntos
Por clasificar entre o 5 ^o e o 10 ^o	9 puntos
Por clasificar entre o 11 ^o e o 20 ^o	8 puntos
Por clasificar entre o 21 ^o e o 50 ^o	7 puntos
Por clasificar entre o 51 ^o e o 100 ^o	6 puntos
Por clasificar entre o 101 ^o e o 200 ^o	5 puntos
Por clasificar entre o 201 ^o e o 500 ^o	4 puntos
Por clasificar entre o 501 ^o e o 1000 ^o	3 puntos
Por riba do posto 1000	0 puntos



PREMIOS

POR CATEGORÍAS

Categoría absoluta masculina:

Primeiro clasificado: *Premio Viaxes El Corte Inglés: unha viaxe a Roma, cidade patrimonio da humanidade, para dúas persoas con voo, hotel e traslados en privado incluídos**. Premio Paradores: *dúas noites de aloxamento en media pensión nun parador.*

Segundo clasificado: *Premio Paradores: dúas noites de estadía con aloxamento e almorzo nun parador.*

Terceiro clasificado: *Premio Paradores: unha noite de estadía con aloxamento e almorzo nun parador.*

Categoría absoluta feminina:

Primeira clasificada: *Premio Viajes El Corte Inglés: un viaje a Roma, Ciudad Patrimonio de la Humanidad, para dos personas con vuelo, hotel y traslados en privado incluidos**. Premio Paradores: *dos noites de alojamiento en media pensión en un Parador.* Premio Viaxes El Corte Inglés: *unha viaxe a Roma, cidade patrimonio da humanidade, para dúas persoas con voo, hotel e traslados en privado incluídos**. Premio Paradores: *dúas noites de aloxamento en media pensión nun parador.*

Segunda clasificada: *Premio Paradores: dúas noites de estadía con aloxamento e almorzo nun parador.*

Terceira clasificada: *Premio Paradores: unha noite de estadía con aloxamento e almorzo nun parador.*

Entrega dos premios

O premio final do primeiro clasificado e da primeira clasificada do circuíto entregarase na última carreira. Será obrigatorio acudir á cerimonia de entrega para poder optar ao premio final. Quen non estea presente na cerimonia considerarase que rexeita o premio, quedando este vacante. Desde Cidades Patrimonio poranse unha serie de facilidades para acudir á entrega.

Os restantes premios do Circuíto de Carreiras Patrimonio da Humanidade entregaranse con posterioridade ao día 10 de decembro de 2022, tras a finalización da Carreira Patrimonio da Humanidade 10 k de Eivissa, na forma que establecerá o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

DESCUALIFICACIÓNS

Os motivos de descualificación das probas compoñentes do Circuíto de Carreiras Patrimonio da Humanidade 2022, ademais dos incluídos nos regulamentos específicos de cada carreira, serán os seguintes:

- Por non levar o dorsal perfectamente colocado, en toda a súa extensión, no peito, durante todo o percorrido.
- Por participar cun dorsal asignado a outro participante.
- Por participar cun dorsal non autorizado pola organización.

- Por realizar a inscrición erroneamente.
- Por non atender as indicacións da organización.
- Por non realizar a totalidade do percorrido establecido nalgunha das probas.

A decisión sobre a posible descualificación será adoptada, ben polos servizos médicos, ben pola organización, e será inapelable. En caso de descualificación non se sumarán os puntos obtidos para o circuito.

RECLAMACIÓNS

Unha vez finalizada cada proba e publicadas as clasificacións, establécese o prazo de 5 días hábiles para efectuar as reclamacións que se consideren oportunas. Non se aceptará ningunha reclamación fóra deste prazo. Unha vez rematado, as clasificacións serán definitivas.

As reclamacións deberán formularse ante o organizador da proba para que sexa este quen achegue ao Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade a clasificación definitiva.

As reclamacións e dúbidas serán presentadas ao Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade no correo electrónico: circuitocarreras@ciudadespatrimonio.org

RESULTADOS

Os resultados provisionais e definitivos, así como calquera información de interese sobre o Circuito de Carreiras Cidades Patrimonio da Humanidade e sobre as probas que o compoñen, faranse públicos na páxina web: ciudadespatrimonio.org

CLÁUSULA FINAL

Todas as persoas participantes, polo feito de inscribirse nunha proba do circuito, aceptan este regulamento e o de cada unha das probas correspondentes e aceptan, coa súa inscrición, todos os dereitos e obrigas que se deriven. O Grupo de Cidades Patrimonio resérvase a súa adaptación ou modificación.

Todas as persoas inscritas no circuito ou nalgunha das carreiras que o integran autorizan aos organizadores a utilizar calquera medio de gravación e ceden todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que se considere oportuna, sen dereito a percibir por iso ningunha compensación económica.

Cada unha das probas que compoñen o Circuito estará suxeita aos criterios que en cada caso establezan os seus organizadores.

*Condicións da viaxe destino Roma.

Dous billetes de avión ida e volta en clase turista con Iberia, con saída desde Madrid.

Un cuarto dobre para dúas noites de hotel en categoría 4**** en réxime de almorzo incluído. Traslados en privado aeroporto/hotel/aeroporto.

Datas e condicións da viaxe. O premio pode cambiarse ata o 28 de febreiro de 2023 para viaxar desde o 1 de marzo ao 17 de decembro de 2023. Período blackout / datas excluídas: Semana Santa, pontes e festivos e meses de verán (1 de xuño a 15 de setembro de 2023).

